

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 08/07/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:10 horas do día 08/07/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01 de xullo de 2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/3060

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 8 de xullo de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministrados e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 8 de xullo de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE LÍMITES
ADEGA CINE CLUB	G36018513	1.550,00 €	08/07/2019	SÍ
ASOC. CUL. AIRIÑOS DO CARRIL	G94006004	225,00 €	08/07/2019	SÍ
ASOC. CUL. CORTEGADA	G36168854	225,00 €	08/07/2019	SÍ
ASOCIACIÓN NÓS MESMAS	G27718907	346,96 €	08/07/2019	SÍ
BOUZAS RODRIGUEZ MARIA DOLORES	14602616P	500,00 €	08/07/2019	SÍ
CASTROMAN II, S.L.	B36465938	1.137,20 €	08/07/2019	SÍ
CHARANGA NOROESTE	g94133261	1.500,00 €	08/07/2019	SÍ
DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	A36036739	857,00 €	08/07/2019	SÍ
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	730,00 €	08/07/2019	SÍ
NAVIERO CASAL, JOSE DIEGO	76862401N	2.530,00 €	08/07/2019	SÍ
OCAÑA NOVOA, ROBERTO	35417119V	821,50 €	08/07/2019	SÍ
OFICINA TEC. AGRICOLA, S.L.	B36061828	435,60 €	08/07/2019	SÍ
OFIMATICA AROSA, S.L.L.	B36378586	489,42 €	08/07/2019	SÍ

SARTAL GOMEZ, TOMAS	35300550N	2.178,00 €	08/07/2019	Sí
SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	B36296440	777,68 €	08/07/2019	Sí
SONIDO E ILUMINACION GOYPLASON, SL	B94001088	2.994,75 €	08/07/2019	Sí
VACALINE, S.L.	B15980097	828,85 €	08/07/2019	Sí

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3006

Dáse conta do informe do Responsable de Alumeado e Saneamento en relación coas anomalías apreciadas coa revisión efectuada dos canos de auga correspondentes a 2018, seguintes:

1) Campo Festas de Asociación de Veciños. Este subministro de auga é unicamente destinada a rego.

2) C- Cemiterio-Vivenda-Viveiro: Este subministro de auga é unicamente destinada a rego, a vivenda nos últimos dous anos atopase desocupada sen que estea previsto ocupala nos próximos anos. Tamén solicítase o cambio de nome "C-Cemiterio-viveiro".

3) C- Colexio de Rubiáns. A maior parte de auga é destinada a rego polo que convén, ou ben solicitar unha conexión mais para poder dividir o rego do consumo de auga propio do Colexio de Rubiáns, ou facer unha comparativa con outro colexio de iguais características para saber cal é a parte destinada a rego e cal a colexio.

4) C-Escola de Aralde. A maior parte da auga é destinada a rego polo que convén, ou ben solicitar unha conexión mais para poder dividir o rego do consumo de auga propio do Colexio de Rubiáns, ou facer unha comparativa con outro colexio de iguais características para saber cal é a parte destinada a rego e cal a colexio.

5) C-Recinto Feiral-FEXDEGA: Este subministro de auga é unicamente destinado a rego.

6) C- Servizo de Obras. Este subministro de auga é destinado ao Departamento de urxencias e Escola Taller. Este punto non deberá ser utilizado para enchido de camións cisterna. Tamén se solicita o cambio de nome "C-Urxencias e Escola Taller".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dirixirse a Augas de Galicia para que non se liquiden os canons de auga correspondentes ás instalacións municipais que teñen por finalidade o rego.

PRP2019/3007

dáse conta do escrito presentado por D. José Camilo Vázquez Guerra no que expón que o día 29 de xuño de 2019 se celebrará unha churrascada entre veciños nunha finca previada en Rúa Pepín nº 14, con música, en horario de 21:30 a 03:00 horas.

Dáse conta do informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3008

Dáse conta do escrito remitido pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa solicitando a remisión dun Plan de Emerxencia/Medidas de Emerxencia adecuado para a concesión C0037, na explanada Tir (Auditorio e Parque Miguel Hernández).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a enviar o Plan de Autoprotección redactado por SGS Tecnos SA División de Prevención y Medio Ambiente, correspondente ao Auditorio Municipal.

PRP2019/3009

Dáse conta de informes da Policía Local nos que se propoñían medidas para a sinalización do estacionamento para evitar que se fixera entrada e saída polo paso de peóns do estacionamento disuasorio situado na Rúa Piñeiro López (a carón do CEIP A Escardia).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se manteña o acceso actual como entrada e a saída se realice pola zona situada ao final da Rúa Santa Lucía.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) e Policía Local aos efectos de preparar a correspondente sinalización.

PRP2019/3010

Dáse conta de informe da Policía Local indicando que na semana do 24 ao 30 de xuño de 2019 se colocu o radar mobil nos seguintes puntos: Rúa Luisa Vila Janer; Avda. Agustín Romero, Avda. de Cornazo, Rúa O Vento, Rúa Preguntoiro; Avda. Carolinas, Rúa Valentín Viqueira, Avda. Vilanova, Rúa Montinho, Rúa San Xoán de Bamio, Avda. de Rubiáns, Avda. Valle Inclán, Rúa Victor Pita e Rúa Pablo Picasso.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/3011

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar autorización para a ocupación temporal de terreos situados en zona INVISA, durante a tempada estival (xuño a setembro), propiedade de D. Santiago Buján e outros, para a súa utilización como aparcamento disuasorio e para instalar as caravanas das feiras durante as festas patronais 2019. O Concello farase cargo da limpeza dos terreos así como dos danos que poidan causarse aos mesmos durante o período de ocupación citado.

PRP2019/3012

Dáse conta dos escritos remitidos pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coas solicitudes presentadas polos seguintes titulares de establecementos, nos que solicitan ampliación de horario de peche nunha hora, para o período estival

Dásde conta de que a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia a ampliación, de ser autorizada só abranguerá o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro(verán por tratarse dun municipio turístico de máxima afluencia.

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o incremento do horario solicitado, e polo tanto informa favorablemente a ampliación de horario de peche solicitado, nunha hora sobre o horario que legalmente lle corresponda, durante o período estival dos seguinte establecementos:

Pub Diurno, Rúa Méndez Núñez 24

Maclarens, Ancoradoiro explanada Tir local 3

PRP2019/3013

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ceres Oficina Técnica Agrícola SL para a realización dos traballos de medición dos terreos obxecto do proxecto de "Mellora da Rúa Frexio - Vilaxoán", por un importe total de 435,60 e (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3016

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de Alcoholicos Rehabilitados Arousa (AREVA), solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 6 de xullo, en horario de 10 a 13:30 horas, así como a instalación dunha carpa, unha mesa e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/3017

Vista a solicitude de D. Luis Vila López, para instalación do Circo (Circo Evolution) entre os días 26 ao 29 de setembro de 2019, e visto o informe da Policía Local, acórdase autorizar a celebración do circo e ao mesmo tempo, comunicarlle que a zona onde solicitan efectuar tal instalación, na Explanada TIR, non é de titularidade municipal, polo que deberán optar a correspondente autorización da Autoridade Portuaria.

Asemade comunícaselle que previamente á instalación deberá aportar a seguinte documentación:
1º Deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma, e aportar un certificado técnico de revisión e montaxe de circo. Non presenta documentación acreditativa algunha.

2º Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma. En anteriores ocasións recibíronse queixas veciñais polo ruído. Recoméndase que na autorización, de selo caso, se fixe como condición unha medición de control a efectos de limitar os aparatos emisores de sonido e evitar infraccións.

3ª Durante o desenrolo da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate esta deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade. En caso de que se autorice a colocación de cartelería (40 paneis publicitarios), debera quedar igualmente obrigado a limpeza dos elementos que utilice como suxección. A colocación dos carteis non restará visibilidade, nin a sinalización nin o tráfico, e non obstaculizará o paso dos peóns.

4º Previa á instalación deberá aportar a documentación que acredite a inspección das instalacións polo Ministerio de Industria, e de acordo co disposto no REAL DECRETO 393/2007,

de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, deberá aportar o Plan De Auto Protección, no que deberá constar o Plan Preventivo e o Plan De Actuación. Todo elo, sen prexuízo da normativa vixente sobre condicións de seguridade e protección contra incendios e outras de obrigado cumprimento, así como pola lei 17/1997 de Espectáculos Públicos, e os requisitos que sexan de obrigación. Deberá ser informado polos técnicos correspondentes.

5º Dado que o domicilio fiscal destas empresas é fora do municipio, a efectos de garantir a limpeza do espazo ocupado e do mobiliario que poideran utilizar como soporte da cartelería, e os danos que se poidan producir no pavimento, propónse fixar unha fianza suficiente para a execución por parte do Concello, en caso de non cumprir as condicións que se fagan constar na autorización.

6º De ser aprobada, é importante que conste na autorización, para que se proceda á reserva dos terreos por parte da Policía Local, que o solicitante deberá presentar 48 horas antes da data de instalación nas dependencias da Policía Local a autorización da Xunta de Goberno, ingreso bancario das taxas correspondentes por ocupación de terrenos , o xustificante bancario do depósito da fianza , no seu caso, e o recibo en vigor da póliza de responsabilidade civil.

7º Sería conveniente que antes de abandonar os terreos o comuniquen, para que os técnicos, os inspeccionen a efectos de devolución de fianza. Por parte da Policía Local farase unha inspección, pero solicítase a valoración de técnicos cualificados dos danos que sofre o pavimento pola colocación dos piquetes que sosteñen os ventos da carpa, entre outros. Existen queixas veciñais polo ruído que ocasiona o circo ó montar e desmontar en horario nocturno. Na autorización debe constar que os horarios para estas labores, así como para calquera outras que produzan ruído, deben ser entre as 08 e as 22 horas.

PRP2019/3018

Dáse conta do escrito presentado por **Pierre Cujean**, solicitando autorización para celebrar a exposición Exporeptiles en Fexdega ”do 06 ao 28 de xullo de 2019.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno coa data de 22 de xuño de 2015 de non autorizar a instalación de actividades con animais vivos.

PRP2019/3164

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Góber Búa, solicitando autorización para celebración dun concerto na terraza do Bar LA Baldosa, o día 11 de xullo de 2019, en horario de 21:30 a 23:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións

de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

RECURSOS HUMANOS

PRP2019/3019

Vista a proposta do Director da Escola de Música, comunicando que a Escola dispón de 6 profesores laborais indefinidos e 3 profesores funcionarios interinos, polo que se fai necesario dispoñer de 3 profesores para as materias de Frauta Traveseira, Percusión e Música e Movemento para o curso académico 2019/2020. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o nomeamento como funcionarios/as interinos/as para o programa temporal do curso 2019/2020 dende o 1 de setembro de 2019 ao 31 de xullo de 2020, das bolsas existentes:

- Mestre de Percusión: 14 horas semanais.
- Mestre de Frauta Traveseira: 15 horas semanais.
- Mestre de Música e Movemento: 9 horas semanais.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2019/3030

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 18", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ofimática Arousa SL para o subministro de 10 cadeiras, por un importe total de 489,42 € (IVE incluído) con cargo á partida 2412.22199, con destino á aula que está remodelando a especialidade de "Traballos de Carpintería e Moble" na segunda planta do edificio Sede do Obradoiro.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/3031

Dáse conta de Resolución das axudas concedidas a entidades locais para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal no marco do programa Ler conta Moito, publicada no DOG nº 125, de 3 de xullo de 2019, pola que se concede a este Concello unha axuda por importe de 1.026,31 €.

Dáse conta así mesmo dos requisitos de participación no programa Ler Conta Moito 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2019/3034

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de xuño de 2019, de aprobación orzamento presentado por Lamarka-Publicidad (Débora Fontenla Oliveira) para a confección de 10.000 manteis (tamaño A3), non figurando no mesmo o importe do gasto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o acondo indicado, quedando redactado do seguinte xeito:

Dáse conta da campaña de lingua levada a cabo entre o alumnado do IES Castro Aobre, e o Servizo de Normalización Lingüística para o ano 2019.

Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Lamarka-Publicidad (Débora Fontenla Oliveira) para a confección de 10.000 manteis (tamaño A3) en cor, para repartir entre os establecementos hostaleiros que así o desexen, por un importe total de 1.064,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 334-22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/3032

Dáse conta do escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, remitindo o protocolo de actuación fronte ao crecemento de cianobacterias. Encoro da Baxe, situación de alerta nas captacións augas abaixo de Segade (Caldas). A Xunta de Goberno Local queda sabedora dos resultados obtidos nas análises efectuadas o pasado 18 de xuño en relación, entre outras coas captacións de Ponte Baión de zona de abastecemento de Vilagarcía de Arousa, e acorda comunicar que as medidas correctoras precisas para evitar o crecemento das cianobacterias, deberán adoptarse pola Consellería de Medio Ambiente, por ser un problema cíclico e recorrente que sería conveniente subsanar canto antes coas medidas que correspondan.

PRP2019/2916

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia, reiterando o requerimento de subsanación de vertidos, así como a presentación polo Concello dun plan de actuacións. A Xunta de Goberno Local acorda remitir o seguinte plan de actuacións xa realizadas así como as pendentes de realizar, e comunicar que para levar a cabo as actuacións pendentes requirírase aportación financeira doutras administracións (Autoridade Portuaria e Portos de Galicia) por tratarse en algúns casos de actuacións que afecta a administración municipal e aos organismos citados:

Identificación de vertido	Orixen	Plan de actuación (Municipal nalgúns casos e noutros casos plan conxunto cos organismos citados)
V-01226	Aliviadoiro de fecais conectado a rede de pluviais en Carril	Correspóndese coa incidencia I071 do PSLRA, que xa foi subsanada no proxecto de melloras da rede de saneamento en carril, executada no ano 2016 pola empresa VIAQUA. A mellora consistiu en duplicar o colector de fecais.

V-01241	Aliviadoiro de fecais conectado a rede de pluviais en Avda da Mariña	Como medida de actuación deste vertido propónse UNHA LIMPEZA TRIMESTRAL DO COLECTOR DA AVDA DA MARIÑA.
V-01383	Aliviadoiro de fecais conectado a pluviais en Vilaxoan debido a EBAR de vilaxoan e 3 vivendas conectadas	Comentado co Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Vilagarcía de Arousa, estudarase a posibilidade de executar un bombeo para as vivendas conectadas a rede de pluviais.
V-02473	Vertido de residuais na rede de fecais por conexión errónea da Area de Servizo a Barca, s.l.	Requiriuse a empresa Area de Servizo a Barca, S.L., que modificase a devandita conexión e está a executar as obras para a súa correcta conexión coa rede de fecais.
V-02495	Aliviadoiro de fecais conectado a pluviais en BOMBEO PLAZA 1	Como medida de actuación deste vertido propónse UNHA LIMPEZA TRIMESTRAL DO COLECTOR DA MARXE DO RIO DO CON.
V-04562	Aliviadoiro de fecais conectado a pluviais en Dc touron e Avda rodrigo de mendoza	Como medida de actuación deste vertido propónse UNHA LIMPEZA TRIMESTRAL DO COLECTOR DA MARXE DO RIO DO CON.
V-05973	Conexión de fecais de edificio da rúa Alejandro Cerecedo a rede de pluviais	Deberáse requirir a Comunidade de Propietarios que se conecten a rede de fecais.
V-06936	Conexión de fecais a rede de pluviais en Avda das Carolinas	A data de hoxe a devandita incidencia está solucionada.
V-08702	Aliviadoiro de fecais conectado a pluviais en Dc touron e Avda rodrigo de mendoza	Como medida de actuación deste vertido propónse UNHA LIMPEZA TRIMESTRAL DO COLECTOR DA MARXE DO RIO DO CON.
V-14452	Na rua victor pita Vilaxoan conexión de 2 vivendas a rede de pluviais.	Conectar a rede de fecais as 2 vivendas a través de un colector de Ø 250 mm.
V-14463	Conexión de Fecais a rede de pluviais en Carril	Correspóndese coa incidencia I064 do PSLRA, que xa foi subsanada no proxecto de melloras da rede de saneamento en carril, executada no ano 2016 pola empresa VIAQUA. A mellora consistiu en conectar a rede de fecais a devandita conexión.
V-14540	Aliviadoiro de fecais conectado a rede de pluviais en no Porto de Vilagarcía.	Estase a redactar o proxecto constructivo por Augas de Galicia para eliminar o bombeo de Composan. Respecto a conexión errónea da caseta do porto Deberáse requirir ao PORTO DE VILAGARCÍA que conecte a rede de fecais a devandita caseta.
V-14562	Aliviadoiro de fecais conectado a rede de pluviais en Carril	Na actualidade estase a executar melloras da rede de fecais e pluviais na rúa Cervantes así como o sellado do devandito colector. Prazo de finalización estimado 2 meses.
V-14860	Conexión de 3 vivendas a rede de pluviais en Vilaxoan	Correspóndese con indicado na V-01383
V-14862	Na rua victor pita Vilaxoan conexión de 2 vivendas a rede de pluviais.	Correspóndese con indicado na V-14452
V-14955	Acometida de edificio na rúa Limoeiro a rego de cornazo	Nos comentaron os vixiantes de Augas de Galicia que xa requiriron ao edificio para que corrixa a súa conexión.

V-17072	Conexión de fecais a rede de pluviais en Avda Carolinas e Rodrigo de Mendoza	Augas de Galicia finalizou o proxecto de canalización dun Afluente do río do con e os servizos técnicos municipais están a sellar e corrixir as deficiencias detectadas, algunhas xa foron corrixidas quedando pendientes de investigar os últimos puntos de vertido.
V-17537	Conexión de Fecais a rede de pluviais en Carril	Correspóndese coa incidencia I071 do PSLRA, que xa foi subsanada no proxecto de melloras da rede de saneamento en carril, executada no ano 2016 pola empresa VIAQUA. A mellora consistiu en duplicar o colector de fecais.
V-17747	Conexión errónea de vivendas a rede de pluviais ao seu paso por parque fluvial da Coca	Requiriuse aos propietarios – logo da inspección realizada polos vixiantes de Augas de Galicia – e os propietarios xa comenzaron a a corrixir as acometidas.
V-19343	Conexión de fecais de edificio da rúa Alejandro Cerecedo a rede de pluviais	Correspóndese con indicado na V-05973
V-19369	Aliviadoiro de fecais conectado a rede de pluviais na dársena do porto de Vilagarcía de Arousa	Como medida de actuación deste vertido propónse UNHA LIMPEZA TRIMESTRAL DO COLECTOR DA AVDA DA MARIÑA.
V-19866	Aliviadoiro de fecais a rede de pluviais en Carril	Executouse unha nova EBAR en Carril polo que considérase subsanada a devandita incidencia.
V-20854	Filtración de augas residuais ao rego afluente do río do con en O LAGO CEA	Posta en servizo e reparación do bombeo de O Lago nun prazo de 2 meses.

PRP2019/2917

Dáse conta do escrito da empresa Medeland, comunicando a posta en marcha da campaña "O que se enchufa, recíclase" de concienciación cidadá sobre a recollida e reciclaxe de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE). Dita campaña ten como boxectivo avanzar na concienciación da correcta xesión e recollida separada e reciclaxe dos RAEE'S, e estará dedicada ao público infantil. A actividade consiste na colocación de dúas carpas informativas e un autobús de Os Bolechas. A Xunta de Goberno acorda autorizar a celebración de dita campaña os días 24 e 25 de xullo na rúa Brandariz esquina coa rúa Castelao.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/3035

Vista a proposta da Area de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dun ciclo de cine LGTBI+Vilagarcía diversa e orgullosa xullo 2019, por un importe total de 1.836,75 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- Aprobación orzamento presentado por Cine Club Ádega, para a realización das tres xornadas de proxección, xunto cos dereitos de exhibición e aluguer do equipo de proxección no exterior: 1.550,00 €
- Aprobación orzamento presentado por Asociación Nos Mesmas pola organización das actividades e coloquios posteriores ás proxeccións: 346,96 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/3036

Vista a proposta da Área das Persoas Maiores en relación coa necesidade de arrendamento de un segundo autobús para a excursión á Feira Medieval de Noia, o 13 de xullo de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL, por un importe total de 380,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22634.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2019/3040

Vista a solicitude de Asociación Cultural Comisión de Festas San Antonio do Sixto, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de Sacramento o vindeiro día 4 de agosto:

- Actuación da Asociación Cultural Cortegada - Coral, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/3041

Vista a solicitude de Asociación Cultural Camiño do Carro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración municipal con motivo da celebración da festividade de San fidel os días 26, 27 e 28 de xullo en Carril, con cargo á partida 334-22609, coa seguinte desagregación:

DATOS FISCAIS	DIA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DO CARRIL - Grupo de Gaitas	27-07-2019	225,00 €
CHARANGA NOROESTE	27 e 28-07-2019	1.500,00 €
EMPRESA PEREIRA SL (Servizo de autobús)	28-07-2019	350,00 €

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/3042

Vista a solicitude de Dona Susana Ruiz Rivas, en representación de Goldberg Ediciones SL e a

proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 27 de outubro, durante todo o día, para a realización da representación do Ballet Nacional Ruso de Sergei Radchenko, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

A venda de entradas será a través da canle Ticketea.com, sendo o prezo: Zona A e B 19€, Zona C 17 € e a recadación para a entidade solicitante.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Comúnicaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €

- Persoal de Taquilla: 2 persoas x 4 horas: 81,60 € (10,20 €/hora e persoa)

TOTAL: 346,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2019/3050

Dáse conta de proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e o Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2019. A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio de colaboración, por un importe total de 46.270,00 €, con cargo ás partidas que a seguir se indican, polo que a Banda de Música realizará un mínimo de 35 actuacións, nas condicións establecidas no citado acordo económico cultural, con cargo ás seguintes partidas:

- Con cargo á partida 334.78000: 7.500,00 €, para a adquisición de material instrumental.
- Con cargo á partida 334.48205: 38.770,00 €, para gastos correntes derivados do normal funcionamento do Padroado de Banda de Música.

- O recoñecemento de obrigaón a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, polo importe de 23.135,00 €, con cargo á partida 334.48205, de conformidade co establecido nas cláusulas do propio acordo económico cultural.

CONTRATACIÓN

PRP2019/2910

Dáse conta do expediente de contratación CT 48/2018-E tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria para adxudicar as obras incluídas no Proxecto denominado "Mellora integral da mobilidade e seguridade viaria na contorna do Recinto de FEXDEGA", cun orzamento de licitación de 386.683,38 € (IVE incluído), e dos licitadores

presentados, seguintes:

C.I.F: B94097268 ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
C.I.F: B15411705 ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
C.I.F: B32404972 ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
C.I.F: B33302696 AUDECA, S.L.U.
C.I.F: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L
C.I.F: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
C.I.F: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
C.I.F: B32001687 CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
C.I.F: B32197105 DESMACO, S.L.U
C.I.F: A48027056 ELECNOR, S.A.
C.I.F: B15026693 ESPINA Y DELFIN, S.L.
C.I.F: B27276856 FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.
C.I.F: B27822410 INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.
C.I.F: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
C.I.F: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
C.I.F: B27802503 NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
C.I.F: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
C.I.F: A36229557 PLANIFICACIÓN DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A.
C.I.F: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.
C.I.F: B27832211 SITEXCA 2016, S.L.U.
C.I.F: B27808641 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
C.I.F: UXXX UTE BARNACLE-BCNOR
C.I.F: B94106747 VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L
C.I.F: B32191116 VIPECA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

a mesa de contratación, por unanimidade, acorda non admitir a xustificación da oferta anormal ou desproporcionada presentada polo licitador Arines Obras e Proxectos, SL. e, consecuentemente, propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da mesma e a exclusión de dita oferta da clasificación.

Unha vez proposta a exclusión do licitador ARINES OBRAS E PROXECTOS, SL. e aplicados os criterios de adjudicación e valoración fixados nos pregos que rexen a licitación, o resultado da valoración das ofertas dos licitadores é o seguinte:

NIF Licitador	Licitador	Puntuación económica	oferta	Puntuación incremento plazo de garantía
B27802503	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	53,15	45	
B32191116	VIPECA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	40,91	45	
B36133916	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	28,87	45	
B94097268	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	39,29	45	
A36229557	PLANIFICACIÓN DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A.	37,44	45	
UXXX	UTE BARNACLE-BCNOR	43,61	45	
B94106747	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL	33,57	45	
B27276856	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	50,76	45	
B27832211	SITEXCA 2016.S.L.U.	44,93	45	
B32197105	DESMACO SLU	42,1	45	
B27822410	INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO S.L.	45,91	45	
A15146608	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	13,29	45	
B33302696	AUDECA, S.L.U.	47,7	45	
B36162030	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	40,46	45	

B32001687	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	32,38	45
a48027056	ELECINOR S.A.	0	0
B15026693	ESPINA Y DELFIN, S.L.	32,98	45
A36008886	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	33,36	45
B36533537	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	49,25	45
B32211716	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	18,91	45
B70372032	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	35,41	45
B27808641	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L	44,98	45
B32404972	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L	34,3	45

De conformidad á evaluación das propostas aportadas polos licitadores, as puntuacións obtidas son as seguintes, Ordeadas de maneira decrecente:

Orde: 1 CIF: B27802503 NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.

